



federación de sanidade e sectores
sociosanitarios de Galicia



FEDERACIÓN DE SANIDADE E SECTORES
SOCIOSANITARIOS

C
C
O
O
I
N
F
O
R
M
A

ENQUISAS 2025

CARREIRA PROFESIONAL

Tras a información recibida polo SERGAS, informamos que as **enquisas de avaliación das competencias persoais (área I)** están dispoñibles dende hoxe **20.10.2025 ata o 19.11.2025** para aqueles profesionais que solicitaron na convocatoria deste ano un grado de carreira profesional.

Cada profesional solicitante recibirá unha notificación por SMS e correo corporativo indicando a realización da enquisa, á que se accederá no FIDES e mediante o aplicativo SIXPROF.

De forma xeral, os profesionais solicitantes serán avaliados con **cinco enquisas**, sendo: unha autoavaliación, a que realizará un superior xerárquico, e a de tres compañeiros/as.

Por outra banda, a cumprimentación de **todas as enquisas de competencias que lle sexan requiridas ós profesionais** neste ano para valorar a outros compañeiros, valoraranse con **1 punto dentro da área IV** (compromiso coa organización).

Unha vez máis, desde CCOO denunciaremos este sistema NON OBXECTIVO de avaliar a Área I mediante enquisas, que foi aprobado pola Comisión de Seguemento da Carreira Profesional, da que forman parte o **SERGAS e máis CIG, CSIF, SATSE e UGT**.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

20 de outubro do 2025